

COMPRESIÓN LECTORA

OS XOGOS DE ANTES

Xogabamos ás vacas, ás carreiras, a esvarar polas ladeiras das laxes sentados sobre pedras planas; xogabamos aos niños —coma paxaros en liberdade— imitando o seu canto...

Tamén á billarda —o vai, como lle chaman en Cambados—, un xogo con tantísima historia, practicamente medieval.

A primavera era a época do risco, unha variante da mariola que se debuxaba na terra riscando —de aí o seu nome—, ou ben na propia vía pública, pintando cun anaco de tella ou algo parecido.

A corda, tan socorrida, tan atlética e tan ximnástica, era daquela máis propia das rapazas. Elas eran auténticas virtuosas e podían sempre con nós.

As bólas, unha paixón. Potencia e precisión dixital, moitas veces con caída da uña do polgar. O gua tan celebrado.

Xogos magníficos todos, no campo e ao aire libre, a nosa verdadeira liberación.

1. En que persoa está escrito o texto que vés de ler? Copia unha oración que xustifique a túa resposta.

2. O narrador é un home ou unha muller? De novo, xustifica a túa resposta.

3. Escribe os nomes dos xogos que, segundo o texto, se corresponden coas seguintes características:

De orixe moi antiga:

Propio das rapazas:

Variante da mariola:

Xogo de precisión:

4. Cal dos xogos anteriores se chama tamén estornela?

5. Dos xogos que se mencionan no texto, indica cales precisan dun obxecto para xogar e cales non.

6. E que obxectos son eses?

7. Busca información sobre un destes xogos e explica en que consiste a ra, a chave, as tres en raia.

REPASO GRAMÁTICA

ACENTUACIÓN

AGUDAS . Ex. : chofer, chinés

- Acentúanse as polisílabas rematadas en **-vogal (+n, s, ns)**: mamá, cafés, algún, peóns.

Non levan acento ortográfico:

a) *Monosílabos: leis, el, ti.*

b) As rematadas en *ditongo decrecente (+ n, s)*: *papeis, colleu, amei, tomou, pediu, azuis.*

c) As rematadas noutra consoante que non sexa *-n ou -s*: *cantar, nariz, arroz.*

GRAVES . Ex. : atmosfera, biosfera, heroe

Levan acento ortográfico cando rematan en consoante diferente de **n, s** , ou en grupos consonánticos distintos de **-ns**: *álbum, móbil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter.* (Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*).

Polo tanto: *cantan, cantas, lapis, canons, colons, dolmens.*

ESDRÚXULAS Todas levan acento ortográfico: *mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite.*

OBSERVACIÓNS.

- As **maiúsculas** levan acento ortográfico.

- Non levan acento ortográfico os **adverbios acabados en -mente, os demostrativos, o numeral un.**

- Tampouco o levan os **interrogativos e exclamativos**: *Como lle vai? Onde estás? Preguntoulle cal quería.* Só se acentúan para evitar posibles anfiboloxías: *dille que queres // dille qué queres.*

Separa en sílabas as seguintes palabras e pon o **acento gráfico** a todas as palabras que o precisen e explica por que

textil

lapis

mesturei

propiedade

caqui

librería

veciñanza

mel